



## **PROTOCOLOS DESCONFINAMENTO COMITÉ ESTRATEXIAS FRONTE AO Covid/19** **Federación Galega de JUDO e Deportes Asociados**

### **ANEXO: VOLTA Á COMPETICIÓN - FASES PREVIAS CLASIFICATORIAS PARA OS CAMPIONATOS DE ESPAÑA**

- MEDIDAS FUNDAMENTÁIS DE PROTECCIÓN PARA PARTICIPANTES, ADESTRADORES, ÁRBITROS E ORGANIZACIÓN:
- Por tratarse dunha competición clasificatoria para o Sector do Campionato de España como paso previo para o Campionato de España, como medida alternativa realizaranse **TESTS SEROLÓXICOS** ou de **ANTÍXENOS** (resultados antes da PESADA). Realizaranse nunha sala exclusiva da instalación habilitada para tal fin con acceso individual dos participantes e adestradores. Segundo a instalación da que dispoñamos SOLICITAREMOS AO PROPIETARIO UNHA QUE teña fiestras ao exterior e atoparse hixienizada para o inicio de ditos tests, así como entre cada bloque de competición no caso de que a competición se estructure deste xeito, tempo que se aproveitará tamén para ventilar durante, cando menos, 15'. Non poderán saír do pavillón en ningún momento desde o acceso até o remate do campionato.
  - MÁSCARA** en todo momento para todos, excepto na saída ao tatami de competición participación, así como sobre o tatami de quecemento. A máscara deberá gardarse adecuadamente na bolsa do deportista, xunto ao tatami de quecemento, cando non estea en uso, e, do mesmo xeito, deberá acceder ao tatami de competición depositándoa previamente no interior dunha bolsa destinada a este fin e á súa vez nunha cesta habilitada pola organización, que será desinfectada despois de cada uso.

#### **- ORGANIZACIÓN/MONTAXE:**

- As persoas que realizan a MONTAXE da COMPETICIÓN eliminarán elementos prescindibles que poidan supoñer un risco engadido de contaxio. Ditas persoas utilizarán MÁSCARA permanentemente e **desinfectarán** os tatamis previo ao comezo do evento unha vez situados na distribución prevista. Proveerán nas zoas requiridas xel hidroalcolico e establecerán circuitos de acceso á instalación nunha única dirección mediante sinais indicativas con frechas e marcas de distancia que permitan o desprazamento seguro entre a sala de tests COVID19, sala de pesada, tatami de quecemento, as zoas de espera, tatami de competición e as gradas. No acceso desde o exterior á instalación proveerase dunha alfombra de desinfección e tomarase a temperatura a DEPORTISTAS, ADESTRADORES, ÁRBITROS, ORGANIZACIÓN e, no caso de que se permita a súa asistencia tamén ao público.
- Está expresamente PROHIBIDO permanecer en corredores ou accesos onde non se poda gardar a distancia con outros participantes, árbitros, membros da organización,...
- Agardando quenda de PESADA, reponsables da organización situaranse de xeito que podan efectuar indicacións respecto á distancia de seguridade.
- Limitaranse nas beiras dos tatamis de quecemento espazos para a colocación das bolsas e materiais dos participantes que garantan que non entre en contacto co doutros participantes. Dita área será o suficientemente grande para que os deportistas podan realizar o quecemento a unha distancia adecuada dos participantes doutros clubs/seleccións, segundo a fase do protocolo de volta á actividade con contacto: FASE 6 – NIVEL 2, que autoriza a interacción entre os membros dun grupo estable con INCREMENTO PROGRESIVO DA INTENSIDADE das tarefas + 1,5 m nas pausas.
- A Federación Galega de Judo e D.A. dispón dun Sistema informático de xestión de competicións, que proporciona a través de diferentes pantallas situadas en distintos puntos da instalación, horarios aproximados e/ou números de combate previos á saída ao tatami para competir a cada deportista, o cal facilita o cumprimento da separación correcta dos participantes.



- Na data de publicación deste apartado do protocolo dedicado á **COMPETICIÓN**, **NON SE AUTORIZA DESDE A FGJUDOEDA O ACCESO DE PÚBLICO** nas competicións, xa que as gradas serán espazos onde os deportistas que non están en competición nese momento se sitúen á distancia de seguridade requirida. Se posteriormente se facilita dito acceso e as autoridades sanitarias seguen a permitilo, a organización porá os medios para que o aforo sexa o legalmente establecido, levando a cabo a conta das persoas que acceden ao recinto, e proporcionando un acceso diferente ás bancadas ao utilizado por deportistas, adestradores e membros da organización. Se non fose posible este último punto habilitaranse quendas de acceso. Incluso se contempla a posibilidade de implementar controis mediante invitacións gratuítas, do mesmo xeito que se fai noutros eventos relevantes.
- Habilitaranse na mesa de competición as prazas precisas para o persoal federativo imprescindible, cunha separación de 2m entre cadeiras.
- A organización procurará a retransmisión por **STREAMING** nas canles oficiais da federación para o seguimento da competición mentres non sexa posible o acceso de público ás instalacións ou dito acceso estea restrinxido polas autoridades sanitarias.

#### - ACCESO Á INSTALACIÓN PARA PESADAS:

- O acceso a instalación efectuarase individualmente por **DÚAS PORTAS**, unha para deportistas e outra para adestradores, árbitros, membros de organización,...., na que se tomará a temperatura a todos aos que dun ou outro xeito tomarán parte no **CAMPIONATO**, e tamén se lles recordará lavar as mans con xel hidroalcolico e permanecer con máscara, así como o paso por alfombras de hixienización do calzado. No interior da sala de **PESADA** os membros da organización solicitarán orixinal o **questionario sanitario** debidamente cuberto, xunto coa outra documentación habitualmente requirida (DNI, autorización e/ou consentimento de actividade deportiva) e procederán á **PESADA** en grupos dun número máximo que permita manter no interior a distancia de 1,5m en todo momento, e un único responsable federativo no interior e tendo en conta o aforo permitido pola normativa en vigor e polo titular da instalación; no caso de que lle faltase algunha documentación deberá incorporarse ao circuíto da **PESADA** ao final mantendo a distancia de seguridade. O resto dos deportistas permanecerán incorporados/as ao circuíto de acceso mantendo a distancia de seguridade (senalada) coa máscara posta. A sala deberá ventilarse 10' cada 30' se non dispón de fiestras ao exterior da mesma e no caso de dispoñer de fiestras estas estarán abertas permanentemente para xerar corrente e facilitar o acceso sen manipular a manilla.
- A báscula desinfectarase ao baixarse cada deportista pulverizando o produto recomendado e usando papéis desbotables.
- O deportista pasará coa súa bolsa e procederá a sitala onde o responsable da organización lle indique.

#### - ACCESO Á INSTALACIÓN PARA A COMPETICIÓN:

- Se o horario de competición supón abandonar a instalación despois da **PESADA** para regresar en sesión de tarde, por exemplo, os protocolos de acceso deberán repetirse segundo se seguiu para a **PESADA**, agora para todos os membros da organización, árbitros, adestradores e participantes. Por tanto, o acceso á instalación efectuarase individualmente por unha única porta, na que se tomará a temperatura a todos os membros da organización que deben estar presentes, así como aos deportistas, e tamén se lles indicará lavar as mans con xel hidroalcolico e permanecer con máscara. Dirixiranse ao tatami de quecemento ás zoas habilitadas e que, previamente serán hixienizadas segundo o protocolo habitual; persoal de organización deberá velar polo cumprimento de uso de xel hidroalcolico en mans e pes no acceso ao tatami de quecemento, así como previo á zoa de competición, proceso que se repetirá ao abandonar a mesma.
- No caso en que a competición se desenvolva seguido da **PESADA** omitirase o paso anterior.
- Os deportistas, mentres non teñan outra indicación da organización, deberán ocupar un espazo sentados nas gradas, coa máscara posta permanentemente e mantendo a distancia de seguridade.

FEDERACIÓN GALEGA DE JUDO E D.A. – [www.fgjudo.com](http://www.fgjudo.com) [datos@fgjudo.com](mailto:datos@fgjudo.com)  
Entidade de utilidade pública conforme a lei 3/2012, do 2 de abril e inscrita no Rexistro de Clubs e Federacións da Xunta de Galicia nº 331  
Praza Agustín Díaz nº 3 (Polideportivo Elviña)– 15008 A CORUÑA – TLF. 981.133758 FAX 981.132440



- **TATAMI DE QUECEMENTO:** poderá ser ocupado exclusivamente por aqueles deportistas e adestradores que teñen preto o seu momento de participación no modelo de competición por bloques e atópanse no que lle corresponde. O resto de competidores deberán ocupar a grada ou zoa da mesma habilitada para os participantes e adestradores mantendo a distancia de seguridade, segundo se indique a razón do aforo establecido polo titular da instalación e normativa vixente nese momento.
- **USO DOS VESTIARIOS: EN XERAL RECOMÉNDASE QUE NON SE USEN.** O acceso estará controlado por persoal federativo ou ben da instalación que vixiará o uso de máscara en todo momento e para todos, así como que non se complete o aforo dos mesmos, se mantéña en todas as direccións a distancia de seguridade e que o tempo de permanencia sexa o mínimo posible. Deberá ter ventilación permanentemente (portas e fiestras) e **NON** se poderán usar as duchas.

#### - DESENVOLVEMENTO DA COMPETICIÓN:

- Persoal federativo será o encargado de chamar aos deportistas, que tamén terán a información en pantallas que de modo habitual xa se veñen situando nos tatamis de queceamento, e que indicarán ao deportista cando se achega o momento da súa participación. É nese preciso instante cando poden abandonar a zoa limitada do tatami de queceamento e, seguindo o circuíto establecido achegarse ao tatami de competición onde atopará xel hidroalcolico para a desinfección de mans e pes que debe utilizar previo ao acceso.
- No control de judogis, o árbitro deberá efectualo visualmente na medida do posible; en caso de precisar do sokuteiki este deberá ser desinfectado posteriormente ao seu uso.
- Neste camiño poderá estar acompañado polo seu adestrador, que se limitará no posto habitual durante a participación do deportista.
- No regreso ao tatami de queceamento seguirá o circuíto habilitado que, como xa se indicou, ten sentido único e estará controlado por persoal federativo.
- Os deportistas que finalicen a súa participación poderán optar por abandonar a instalación polo circuíto habilitado para isto ou situarse na bancada (seguindo os correspondentes sentidos) mantendo a distancia de seguridade, tanto si se permite público como se non, xa que se habilitarían zoas exclusivas para os participantes. No caso das entregas de medallas iranse efectuando segundo finalice a participación e se dispoña de resultados para evitar estancias innecesarias na instalación.

#### - DELEGADO DE CUMPRIMENTO DO PROTOCOLO (DCP):

- Esta figura fai referencia ao responsable do club/selección que, no momento da inscrición, informa á organización de que asumirá o papel de facer cumprir o reflectido neste protocolo e mediar nestas cuestións coa organización, tales como o illamento dun positivo que se puidese detectar nos correspondentes tests ou que presente sintomatoloxía compatible con COVID19. Do mesmo xeito a organización asignará esta función ao responsable federativo que considere oportuno.
- Ambos teñen a obriga de coñecer a totalidade deste documento e supervisar como se vai implementar.

#### - ALOXAMENTO:

- **Recoméndase viaxar no día do campionato.** No caso de que os competidores precisen de aloxamento **previo á celebración da competición, e este debere xestionalo a organización**, os tests para a detección do COVID19 deberán efectuarse previos ao rexistro no correspondente hotel no lugar habilitado pola organización para a realización dos mesmos, comprometeranse por escrito a non abandonar en ningún momento as instalacións até o momento de acudir ao pavillón onde se desenvolve a competición e permanecer con máscara en todo momento, cando se despracen no seu interior (para acudir ao comedor, por exemplo, onde deberán atoparse permanentemente a distancia de seguridade e retirar a máscara

FEDERACIÓN GALEGA DE JUDO E D.A. – [www.fgjudo.com](http://www.fgjudo.com) [datos@fgjudo.com](mailto:datos@fgjudo.com)  
Entidade de utilidade pública conforme a lei 3/2012, do 2 de abril e inscrita no Rexistro de Clubs e Federacions da Xunta de Galicia nº 331  
Praza Agustín Díaz nº 3 (Polideportivo Elviña)– 15008 A CORUÑA – TLF. 981.133758 FAX 981.132440



exclusivamente para ingerir alimento e/ou bebida e cando se despracen ao pavillón.

- Sempre que sexa posible os diferentes participantes, adestradores e federativos aloxaranse en habitacións individuais, procurando sempre manter a distancia de seguridade nas comidas que se fagan e evitando saídas innecesarias ao exterior.

#### - DESPRAZAMENTO AO CAMPIONATO:

- Recoméndase o desprazamento en vehículos individuais, evitando na medida do posible os transportes públicos.
- En caso de viaxes en grupo, informarase á organización, por causa dun positivo nos tests COVID19 daqueles participantes, adestradores, federativos, que puideran estar en contacto estreito con el para trasladarlló ás autoridades sanitarias no caso de que o requiran.
- É responsabilidade do DELEGADO DE CUMPRIMENTO DO PROTOCOLO que todos os membros da expedición viaxen nas adecuadas condicións sanitarias, impedindo o desprazamento daqueles que presenten síntomas compatibles con COVID19, ou estean á espera do resultado dunha proba de diagnose COVID19 ou que xa foran diagnosticados como positivos e non teñan a alta epidemiolóxica.

#### - SORTEOS:

- Non se realizará sorteo presencial. Informarase puntualmente desde a organización e porase a disposición dos interesados para solucionar calquera dúbida ao respecto.

#### - FORMATO DE COMPETICIÓN POR BLOQUES:

- Sempre que sexa posible, en función do número de inscricións, procederase á distribución recomendada por bloques, segundo os tatamis habilitados, evitando aglomeracións. Para isto, unha vez rexistradas as inscricións utilizarase a ferramenta informática que xestionará o campionato para simular os tempos de permanencia na pista dos participantes.
- As entregas realizaranse ao rematar cada categoría. O encargado de efectualas deberá proceder á limpeza de mans con xel hidroalcolico, xusto no instante previo. Tanto os deportistas como o responsable da entrega deberán facer uso de máscara en todo momento e evitarán saúdos de mans ou similares, optando polo saúdo xaponés de respecto inclinándose cara diante.

#### - OUTRAS CONSIDERACIÓNS:

- No caso de que nos tests efectuados a competidores e adestradores se detectara un ou varios positivos por COVID19, ou ben algún deles ou calquera membro da organización presentara sintomatoloxía compatible coa COVID19 o procedemento será o recollido no protocolo FISICOVID-DXTGALEGO no apartado de COMUNICACIÓN E SEGUIMIENTO DE SINTOMATOLOXÍA COVID19. Procederase ao illamento do deportistas e/ou adestrador/es na sala destinada a tal fin pola organización e cancelarase a participación de todos os seus CONTACTOS ESTREITOS que foran inscritos.
- Tomando como referencia a “ESTRATEGIA DE DETECCIÓN PRECOZ, VIGILANCIA Y CONTROL DE COVID-19” do Ministerio de Sanidade, actualizado a 25 de setembro, considerarase contacto estreito a calquera persoa que estivera no mesmo lugar que un caso positivo, a unha distancia menor de 2 metros e durante máis de 15 minutos. O período a considerar será desde 2 días antes do inicio de síntomas do caso ata o momento no que o caso é illado. Nos casos asintomáticos confirmados por PDIA (Probas diagnósticas de Infección Activa por SARS-CoV-2), os contactos buscaranse desde 2 días antes da data de toma de mostra para diagnose. Para facilitarlle a labor ás autoridades sanitarias, o DCP elaborará unha listaxe excel con todos os contactos (nome, apelidos e DNI) por se fora requirido polas autoridades sanitaria para axilizar o proceso



de identificación de contactos estreitos. Non obstante isto é unha referencia, aténdonos en todo caso, ás indicacións das autoridades sanitarias en cada momento.

- REUNIÓN S TÉCNICAS (arbitraxe, técnicos,...): realízalas en amplos espazos ben ventilados (a ser posible en exterior) e sempre con máscara e mantendo a distancia de seguridade.
- OUTRO PERSOAL FEDERATIVO:
  - ✓ ARBITROS: actuarán con máscara e calzas de plástico nos pes dun só uso no momento de acceso ao tatami. Un só árbitro por tatami e un só árbitro por mesa de control, así como un único xuíz cronometrador, que ocupará o seu posto durante toda a competición. No caso de precisar efectuar un cambio neste posto, deberá desinfectarse o material (teclado, crono manual,..) que deba usar o novo xuíz.
  - ✓ MÉDICO DA COMPETICIÓN: deberá acceder ao tatami, do mesmo xeito que os árbitros con máscara e calzas de plástico nos pes dun só uso. A actuación realizarase con material desbotable e luvas.
- PRODUTOS “COVID19” A DISPOSICIÓN:
  - ✓ TESTS DETECCIÓN COVID19, Xel hidroalcolico e dispensadores, alfombras de desinfección, produto hixiene pranchas de tatamis e mopa para aplicación, produto pulverizador desinfección cadeiras e material informático de uso secuencial, sinalética covid, cartéis, máscaras cirúrxicas de reposto, cubos de lixo de funcionamento co pe, panos desbotables.

Calquera outra cuestión non recollida neste protocolo será resolta polo DIRECTOR RESPONSABLE DO PROTOCOLO COVID, baseándose no protocolo FISICOVID-DXTGALEGO no que está encadrado. O incumprimento dalgunha das medidas reflectidas neste documento poderá supoñer a inmediata expulsión da competición e outras medidas disciplinarias acordadas aos feitos tomadas polos órganos correspondentes da Federación Galega de Judo e D.A.



## IDENTIFICACIÓN DE POTENCIAIS SITUACIÓNS DE CONTAXIO E MEDIDAS PARTICULARES DE PREVENCIÓN - COMPETICIÓN

Atende a tres momentos fundamentais: antes, durante, e despois da COMPETICIÓN.

ANTES DA COMPETICIÓN					
STAFF PROPIO					
MOMENTO	AXENTE	TIPO		SITUACIÓN	MEDIDAS
ANTES DA COMPETICIÓN	STAFF PROPIO	VÍA AEREA	PERSONA A PERSONA (DIRECTO)	Descarga e montaxe do material empregado no desenvolvemento da actividade	Asignación de funcións para reducir o número de contactos interpersoais. Uso de roupa de traballo de uso exclusivo. Desinfección previa do material empregado.. Usar a máscara.
ANTES DA COMPETICIÓN	STAFF PROPIO	VÍA AEREA	PERSONA A PERSONA (DIRECTO)	Desprazamento instalación	Uso da máscara. Evitar compartir transporte con xente coa que non se convive. Distanciamento máximo no caso de compartir transporte con persoas coas que non conviven. Evitar o contacto físico e evitar tocar obxectos do vehículo na medida do posible. Desinfección das partes do vehículo susceptibles de estar en contacto (cintos, manillas das portas, etc.)
ANTES DA COMPETICIÓN	STAFF PROPIO	VÍA AEREA	PERSONA A PERSONA (DIRECTO)	Uso de aseos.	Atender ao establecido pola normativa en vigor e polo titular da instalación. Uso de máscara. Manter a distancia de seguridade interpersoal. Respectar as quendas de uso para cumprir aforos. Lavado de mans ou utilización de xel hidroalcohólico ao entrar e ao saír
ANTES DA COMPETICIÓN	STAFF PROPIO	VÍA AEREA	PERSONA A PERSONA (DIRECTO)	Interacción con outros membros da organización	Circuitos de acceso unidireccionais á zoa de práctica onde non pode permanecer. <b>MÁSCARA E DISTANCIA DE SEGURIDADE INTERPERSOAL.</b>
ANTES DA COMPETICIÓN	STAFF PROPIO	VÍA AEREA	PERSONA A PERSONA (DIRECTO)	Acceso á instalación onde se desenvolve a competición	<b>MÁSCARA E DISTANCIA DE SEGURIDADE INTERPERSOAL.</b>
ANTES DA COMPETICIÓN	STAFF PROPIO				Recordar as medidas habituais e onde teñen que poñerse en práctica, mediante carteis e verbalizado por megafonía periodicamente. Formación previa persoal responsable.



## DEPORTISTAS E ADESTRADORES

MOMENTO	AXENTE	TIPO		SITUACIÓN	MEDIDAS
ANTES DA COMPETICIÓN	DEPORTISTAS E ADESTRADORES	POR CONTACTO	PERSOA A PERSOA (DIRECTO)	Saúdos en acceso e desaloxo.	MÁSCARA E DISTANCIA DE SEGURIDADE INTERPERSOAL. Verbalizar periodicamente a indicación de NON contacto físico.
ANTES DA COMPETICIÓN	DEPORTISTAS E ADESTRADORES				Recordar as medidas habituais e onde teñen que poñerse en práctica, mediante carteis e verbalizado por megafonía periodicamente. Formación previa persoal responsable.
ANTES DA COMPETICIÓN	DEPORTISTAS E ADESTRADORES	VÍA AEREA	PERSOA A PERSOA (DIRECTO)	Grupo de compañeiros que vaian xuntos ao campionato	MÁSCARA E DISTANCIA DE SEGURIDADE INTERPERSOAL. Procurar viaxes individuais e non usar o transporte público.
ANTES DA COMPETICIÓN	DEPORTISTAS E ADESTRADORES	POR CONTACTO	PERSOA A PERSOA (DIRECTO)	Grupo de compañeiros que vaian xuntos á instalación.	Non compartir nada (botellas, comida,...) nos desprazamentos á instalación.
ANTES DA COMPETICIÓN	DEPORTISTAS E ADESTRADORES	VÍA AEREA	PERSOA A PERSOA (DIRECTO)	Entrada por zoa única de acceso á instalación.	Espazar por bloques a competición. Acceso en ringleira mantendo a distancia de seguridade. Uso de máscara. Habilitar unha segunda entrada á instalación.
ANTES DA COMPETICIÓN	DEPORTISTAS	VÍA AEREA	PERSOA A PERSOA (DIRECTO)	Uso de vestiarios.	Seguir as indicacións da normativa en vigor e do titular da instalación. No caso de que os vestiarios non estiveran desinfectados e non houbera unha axeitada ventilación NON SE DEBEN USAR. Neste caso os/as participantes no adestramento deberán chegar debidamente cambiados/as da casa. No caso de que se utilice, o uso do vestiario estará limitado ao aforo determinado na normativa e a un número de persoas que permitan manter sempre a distancia de seguridade (+1,5 metros) entre elas e en todas as direccións. Organizaranse as quendas que sexan necesarias para cumprir coas normas de aforo, de ventilación e de desinfección. Despois do seu uso, as mochilas ou equipamento persoal deberán levarse á zona designada tal e como se indica nestas táboas Limitar a estancia no vestiario ao tempo mínimo necesario e estar con máscara en todo momento. Evitar falar, berrar, celebracións, etc... mentres esteamos no vestiario.
ANTES DA COMPETICIÓN	DEPORTISTAS	VÍA AEREA	PERSOA A PERSOA (DIRECTO)	Uso de aseos.	Atender ao establecido pola normativa en vigor e polo titular da instalación. Uso de máscara. Manter a distancia de seguridade interpersoal. Respectar as quendas de uso para cumprir aforos. Lavado de mans ou utilización de xel hidroalcohólico ao entrar e ao saír



ANTES DA COMPETIÇÃO	DEPORTISTAS E ADESTRADORES	VÍA AEREA	PERSOA A PERSOA (DIRECTO)	Traxectos Vestiarios – Sala de pesada – Tatami de quecemento – Tatami de competición – Grada - Desaloxo	Máscara permanentemente. Circuitos de acceso UNIDIRECCIONÁIS CONTROLADOS POLA ORGANIZACIÓN onde non pode permanecer e debe manterse a distancia de seguridade interpersoal.
ANTES DA COMPETIÇÃO	DEPORTISTAS E ADESTRADORES	VÍA AEREA	PERSOA A PERSOA (DIRECTO)	Acceso para realización de tests para a detección do COVID19 en deportistas e adestradores	Máscara permanentemente. Habilitación de quendas por zoas de procedencia. Ringleiras con distancia de seguridade entre persoas en espazos o máis abertos posibles ou mesmo no exterior da instalación se fora posible. Circuitos unidireccionais de acceso – desaloxo da sala onde se efectúan.
ANTES DA COMPETIÇÃO	ADESTRADOR DCP	VÍA AEREA	PERSOA A PERSOA (DIRECTO)	Acceso para acreditación	Máscara permanentemente. Habilitación de quendas por zoas de procedencia. Ringleiras con distancia de seguridade entre persoas en espazos o máis abertos posibles ou mesmo no exterior da instalación se fora posible. Circuitos unidireccionais de acceso – desaloxo da sala onde se efectúan.
ANTES DA COMPETIÇÃO	DEPORTISTAS	VÍA AEREA	PERSOA A PERSOA (DIRECTO)	Acceso para pesada	Máscara permanentemente. Habilitación de quendas por zoas de procedencia. Ringleiras con distancia de seguridade entre persoas en espazos o máis abertos posibles ou mesmo no exterior da instalación se fora posible. Circuitos unidireccionais de acceso – desaloxo da sala onde se efectúan.
ANTES DA COMPETIÇÃO	DEPORTISTAS	POR CONTACTO	ESPAZOS SECUENCIAIS	Uso de básculas.	Hixienización previa á subida á báscula do deportista co produto recomendado.
ANTES DA COMPETIÇÃO	DEPORTISTAS E ADESTRADORES	POR CONTACTO	ESPAZOS SECUENCIAIS	Acceso ao tatami de quecemento.	Uso de xel hidroalcohólico na beira do tatami xusto antes de acceder nas mans e nos pes.
ANTES DA COMPETIÇÃO	DEPORTISTA E ADESTRADORES	VÍA AEREA	ESPAZOS SECUENCIAIS	Acceso ao tatami de quecemento.	Dada a obriga de realización de tests de detección de COVID19 permítese retirar a máscara EXCLUSIVAMENTE no momento de acceso. Procuraranse os metros de tatami de quecemento suficientes para que os que acceden a el podan separarse a 1,5m nas pausas. Cada club ou autonomía situará aos seus deportistas en zoas diferentes que serán asignadas e supervisadas pola organización.





## OUTROS ALLEOS

MOMENTO	AXENTE	TIPO		SITUACIÓN	MEDIDAS
ANTES DA COMPETICIÓN	OUTROS ALLEOS	VIA AEREA	PERSONA A PERSONA (DIRECTO)	Interacción dos pais/titores ao levar menores á competición, ou acompañantes non inscritos.	Outros alleos non poden acceder neste momento – PÚBLICO NON PERMITIDO.  Modificar ratios dos grupos, espazar as horas suficientemente e situación nas beirarrúas segundo sinalización explícita para evitar aglomeracións.  Máscara obrigatoria e distancia de seguridade en todos os casos.



## DURANTE A COMPETICIÓN

### STAFF PROPIO

MOMENTO	AXENTE	TIPO		SITUACIÓN	MEDIDAS
DURANTE A COMPETICIÓN	STAFF PROPIO	POR CONTACTO	SUPERFICIE DE USO SIMULTÁNEO	Mesa de organización compartida.	Situación e permanencia en cadeiras exclusivas previamente desinfectadas con 2 m de separación e tramo de mesa asignado mediante indicador personalizado (nome e apelidos).
DURANTE A COMPETICIÓN	STAFF PROPIO (Árbitros)	POR CONTACTO	SUPERFICIE DE USO SIMULTÁNEO	Acceso ao tatami de competición.	Uso de calzas nos pés dun só uso.
DURANTE A COMPETICIÓN	STAFF PROPIO (Árbitros)	VIA AEREA	PERSONA A PERSONA (DIRECTO)	Acceso/desaloxo do tatami de competición.	Acceso e desaloxo por zonas diferentes establecidas polo director de arbitraje ou responsable máximo deste colectivo presente na competición.
DURANTE A COMPETICIÓN	STAFF PROPIO (Xuíz Crono)	POR CONTACTO	SUPERFICIE DE USO SIMULTÁNEO	Manipulación dos teclados desde a mesa de tatami.	Xuíz exclusivo durante todo o bloque de competición. En caso de precisar facer un cambio de xuíz deberán desinfectarse os materiais e a cadeira adecuadamente.
DURANTE A COMPETICIÓN	STAFF PROPIO	VÍA AEREA	PERSONA A PERSONA (DIRECTO)	Uso de aseos.	Atender ao establecido pola normativa en vigor e polo titular da instalación. Uso de máscara. Manter a distancia de seguridade interpersoal. Respectar as quedas de uso para cumprir aforos. Lavado de mans ou utilización de xel hidroalcohólico ao entrar e ao saír.
DURANTE A COMPETICIÓN	STAFF PROPIO	VIA AEREA	ESPAZOS ASIGNADOS	Situación en zonas de control de desprazamentos.	Máscara obrigatoria e distancia interpersoal. Substitución periódica do membro da organización.



## DEPORTISTAS E ADESTRADORES

MOMENTO	AXENTE	TIPO	SITUACIÓN	MEDIDAS
DURANTE A COMPETICIÓN	DEPORTISTAS E ADESTRADORES	VIA AEREA	SUPERFICIE DE USO SECUENCIAL	Realización de exercicios no tatami de quecemento
DURANTE A COMPETICIÓN	DEPORTISTAS E ADESTRADORES	VIA AEREA	SUPERFICIE DE USO SECUENCIAL	Desprazamento tatami de quecemento – tatami de competición.
DURANTE A COMPETICIÓN	DEPORTISTAS	VÍA AEREA	PERSOA A PERSOA (DIRECTO)	Uso de aseos.
DURANTE A COMPETICIÓN	DEPORTISTAS	POR CONTACTO	USO COMPARTIDO DE BEBIDAS	As bebidas deixanse no tatami de quecemento sin control.
DURANTE A COMPETICIÓN	DEPORTISTAS E ADESTRADORES	POR CONTACTO	SUPERFICIE DE USO SECUENCIAL	Uso das cadeiras para os adestradores



## DEPOIS DA COMPETICIÓN

### DEPORTISTAS E ADESTRADORES

MOMENTO	AXENTE	TIPO		SITUACIÓN	MEDIDAS
DESPÓS DA COMPETICIÓN	DEPORTISTAS E ADESTRADORES	VIA AEREA	PERSONA A PERSONA (DIRECTO)	Saída da instalación.	Non permanencia na instalación despois de finalizar a competición. Solicitar por megafonía o desaloxo da instalación. Máscara obrigatoria e distancia interpersoal.
DESPÓS DA COMPETICIÓN	DEPORTISTAS E ADESTRADORES	VIA AEREA	PERSONA A PERSONA (DIRECTO)	Entrega de medallas/trofeos	Realizarase xusto ao finalizar cada bloque. Efectuarase o saúdo tradicional xaponés (non mans, apertas,...). Entrega unha única persoa, que recollerá as medallas/trofeos nunha mesa habilitada a tal efecto. Non se efectuarán fotos grupais, reducirase á fotografía no podio, cada deportista no seu lugar. O que entrega utilizará xel hidroalcolico previo á entrega. Máscara obrigatoria e distancia interpersoal para todos.
DESPÓS DA COMPETICIÓN	DEPORTISTAS	VÍA AEREA	PERSONA A PERSONA (DIRECTO)	Uso de aseos.	Atender ao establecido pola normativa en vigor e polo titular da instalación. Uso de máscara. Manter a distancia de seguridade interpersoal. Respetar as quendas de uso para cumprir aforos. Lavado de mans ou utilización de xel hidroalcolico ao entrar e ao saír
DESPÓS DA COMPETICIÓN	DEPORTISTAS	VÍA AEREA	PERSONA A PERSONA (DIRECTO)	Uso de vestiarios.	Seguir as indicacións da normativa en vigor e do titular da instalación. No caso de que os vestiarios non estiveran desinfectados e non houbera unha axeitada ventilación <b>NON SE DEBEN USAR</b> . Neste caso os/as participantes no adestramento deberán chegar debidamente cambiados/as da casa. No caso de que se utilice, o uso do vestiario estará limitado ao aforo determinado na normativa e a un número de persoas que permitan manter sempre a distancia de seguridade (+1,5 metros) entre elas e en todas as direccións. Organizaranse os quendas que sexan necesarios para cumprir coas normas de aforo, de ventilación e de desinfección. Despois do seu uso, as mochilas ou equipamento persoal deberán levarse á zona designada tal e como se indica nestas táboas  Limitar a estancia no vestiario ao tempo mínimo necesario e estar con máscara en todo momento,  Evitar falar, berrar, celebracións, etc... mentres esteamos no vestiario.



STAFF PROPIO					
MOMENTO	AXENTE	TIPO		SITUACIÓN	MEDIDAS
DESPÓS DA COMPETICIÓN	STAFF PROPIO (E AUTORIDADES SI PROCEDE)	VIA AEREA	PERSONA A PERSONA (DIRECTO)	Entrega de medallas/trofeos	Realizarase xusto ao finalizar cada bloque. Efectuarase o saúdo tradicional xaponés (non mans, apertas,...). Entrega unha única persoa, que recollerá as medallas/trofeos nunha mesa habilitada a tal efecto. Non se efectuarán fotos grupais, reducirase á fotografía no podio, cada deportista no seu lugar. O que entrega utilizará xel hidroalcolico previo á entrega. Máscara obrigatoria e distancia interpersonal para todos.
DESPÓS DA COMPETICIÓN	STAFF PROPIO	VIA AEREA	PERSONA A PERSONA (DIRECTO)	Saída da instalación.	Non permanencia na instalación despois de finalizar a competición. Solicitar por megafonía o desaloxo da instalación. Máscara obrigatoria e distancia de seguridade interpersonal.
DESPÓS DA COMPETICIÓN	STAFF PROPIO	VÍA AEREA	PERSONA A PERSONA (DIRECTO)	Desmontaxe e carga do material empregado no desenvolvemento da actividade	Asignación de funcións para reducir o número de contactos interpersoais. Uso de roupa de traballo de uso exclusivo. Desinfección previa á recollida e embalaxe (se procede) do material empregado.. Usar a máscara.

Vº Bº



O COORDINADOR  
DO PROTOCOLO FEDERATIVO

**Mario M. Muzas Cobo**  
Presidente FGJUDODA

**JUAN JOSÉ RODRÍGUEZ GENDE**  
Asesor executivo FGJUDODA